



galicia

## XESTUR

### XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

#### CONVOCATORIA XUNTA XERAL ORDINARIA

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 23 de marzo de 2018, acordou convocala Xunta Xeral Ordinaria de accionistas, que se celebrará no domicilio social da sociedade (Área Central, local 25Z-1º andar, Polígono Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela), o **2 maio de 2018, ás 11.00 horas** en primeira convocatoria ou, de non alcanzarse o quorum necesario, o día seguinte, 3 de maio de 2018, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria.

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ó obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte:

#### ORDE DO DIA

- 1º.**- Aprobación, se procedera, das contas anuais do exercicio económico 2017.
- 2º.**- Acordo, se procedera, de compensación de perdas a través da aplicación da prima de emisión.
- 3º.**- Acordo, se procedera, de reducción de capital coa finalidade de restablecer o equilibrio entre capital e patrimonio neto diminuído como consecuencia de perdas.
- 4º.**- Acordo, se procedera, da ampliación do capital social, a suscribir polo I.G.V.S., trala renuncia ao dereito de subscrición preferente por parte dos demás accionistas, e co fin de atender a amortización parcial prevista na póliza de préstamo subscrito coa entidade ABANCA en data 30.11.2015, así como para reforzar a inversión que debe acometer Xestur no Parque Empresarial de Actividades Económicas de Arteixo, e sometemento do acordo ao Consello da Xunta de Galicia, para a autorización do mesmo, se procedera.
- 5º.**- Modificación, no seu caso, dos artigos 6 e 7 dos Estatutos Sociais.
- 6º.**- Renovación, se procedera, de varios membros do Consello de Administración, por ter vencido o prazo do seu nomeamento conforme aos estatutos sociais.
- 7º.**- Rogos e preguntas.
- 8º.**- Formalización e execución de acordos.
- 9º.**- Aprobación da Acta da Xunta.

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC), os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na orde do día, as informacíons ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes, ata o séptimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo, conforme aos artigos 272 e 287 da LSC, calquera socio poderá obter da sociedade, de xeito gratuito, os documentos que deben ser sometidos á aprobación da mesma, así como o informe de xestión e o informe do Auditor de Contas”.

En Santiago de Compostela a 26 de marzo de 2018.

O Secretario do Consello de Administración.

Ángel Rodríguez González

